

141.928 quilos lévanse recolleito na D.O. Ribeira Sacra ás portas da fin de semana previa ao inicio oficial da vendima

O 15 de setembro é a data recomendada polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra para iniciar oficialmente a vendima neste territorio. Desde finais de agosto algunhas adegas consideraron que tiñan parcelas puntuais nas que xa podían vendimar. Así os datos de recollida de uva antes de comezar a fin semana previa á vendima oficial son:

Variedades tintas

- **Mencia 52.916 quilos**
- Merenzao 12.344 quilos
- Garnacha 199 quilos
- Brancellao 1.123 quilos
- Caíno tinto 1.230 quilos

Variedades brancas

- **Godello 65.372 Quilos**
- Albariño 5.512 quilos
- Treixadura 2.424 quilos
- Dona Branca 608 quilos

Total: **141.928 quilos**

Esta campaña elaborarán baixo o amparo da D.O. Ribeira Sacra 92 adegas. Os viticultores inscritos para esta vendima son 2.208 e as hectáreas inscritas 1.270. A uva que está entrando en adega ten un estado sanitario óptimo. A previsión é recoller nesta campaña uns 6 millóns de quilos de uva, previsión similar había para a pasada vendima que se pechou con 6.541.212 quilos.